

MATERIAIS ELABORADOS, PROXECTO E LICENZA

O resultado de tres meses de intenso traballo é esta unidade didáctica completa de Xeometría no plano, empregando elementos do mobiliario urbano e da nosa contorna para as matemáticas do 1º ciclo da ESO.

- Todas as imaxes están elaboradas con Geogebra, Gimp e fotografías propias sen contar as iconas creadas expresamente para as mesmas.
- Actividades (exercicios, problemas e reflexións) coa súa correspondente corrección e, en algúns casos, retroalimentación, para afianzar as ideas traballadas coas mesmas.
- Varios applets elaborados con Geogebra, pensados para entender os conceptos e dar outra visión de algúns deles traballados ao longo da unidade. O dinamismo dos mesmos, e as explicacións que levan incorporadas, fai que o seu manexo sexa moi fácil e intuitivo.
- Varios applets elaborados con edlim, con diferentes niveis de dificultade, que permiten afianzar conceptos das unidades e afianzar o aprendido dun xeito lúdico
- Moitas liñas de texto con explicacións dos contidos propios das unidades.

Aínda que as secuencias se presentan nunha soa unidade, os contidos traballados correspóndense coas programacións didácticas da maioría dos centros educativos. O xeito de traballar aquí a xeometría é máis transversal, e con aplicación directa a nosa contorna

Ademais , o nivel de detalle das explicacións a interactividade, así como a cantidade de exercicios que inclúen, poden darlle categoría de unidade.

Dende un punto de vista didáctico, os obxectivos do proxecto acadáronse aínda que o meu desexo era tamén abarcar a xeometría do espazo, pero isto foi de todo imposible, pois a magnitude do traballo implicaría como mínimo outros tres meses para traballar coa mesma profundidade todos os conceptos, ademais de ser necesaria a implementación de Geogebra5 nas aulas Abalar, pois a nova versión deste programa permite o uso do espazo tridimensional, e a interactividade dos corpos xeométricos é moito maior. Ademais das

ferramentas consideradas inicialmente, incluíronse xogos con edlim, que permiten que a unidade sexa máis interactiva e completa.

Conseguir a unidade de xeometría no plano e no espazo era algo demasiado ambicioso para 3 meses de licenza, pero, no futuro, intentarei rematar este traballo, incorporando a xeometría no espazo e no mobiliario urbano, se así se considera oportuno.

Ademais de todo o anterior, quería deixar constancia do meu agradecemento pola posibilidade de levar a cabo este proxecto. Foi unha experiencia moi positiva, con moitas horas diante do ordenador e algunha que outra frustración cando as cousas non parecían funcionar.

Estou contenta de todo o que aprendín e creo que o resultado é aplicable.

Quixera agradecer aos asesores Xosé Antón Vicente Rodríguez e Pablo Gulín Díaz, pola súa axuda durante o período de licenza, sobre todo ao primeiro deles, que é con quen máis estiven en contacto.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2015

Asinado:

Dolores Pilar García Agra